

SCAX

USUARIO TIKTOK: [scax.gal](https://www.tiktok.com/@scax.gal)

1. A empresa

Para comezar, imos dicir o significado do nome da nosa campaña que é SCAX. Este nome está inspirado nas iniciais das creadoras da empresa: “S” de Sara, “C” de Carla, “A” de Aida e “X” de Xiana. O noso slogan é “o que está por vir”. Este slogan está pensado no noso obxectivo principal.

A nosa empresa comezou con un total de catro traballadoras (Sara, Carla, Aida e Xiana) e ao cabo de seis meses o proxecto foi dando o desenvolvemento esperado e tivemos que contratar a máis traballadoras e especialistas cinematógrafas para que nos axudaran a poder seguir levando a cabo este proxecto. Agora somos un total de doce traballadoras sen contar cas catro creadoras principais. Cada traballadora ten a súa función; é dicir, cada persoa ten un rol diferente e unhas calidades diferentes. Por exemplo, unha persoa que se ocupa das gravación, outra do son, outra da edición, outra da luz e os seus cambios, etc. e grazas a todas estas persoas podemos realizar moitas películas co noso logo principal.

Somos unha empresa audio visual que ten como obxectivo normalizar a lingua galega no día a día, principalmente dos xóvenes, xa que se esta perdendo a costume de falar en galego en esta idade. Coa nosa plataforma queremos igualar o galego como calquera outro idioma, normalizalo na vida cotiá da xuventude de hoxe en día e darlle á lingua galega a oportunidade de expresala de forma que tamén teña as posibilidades de ter as mesmas funcións que outra lingua, como por exemplo, no castelán.

Outros obxectivos que queremos alcanzar como empresa que somos:

- Globalizar o galego.
- Atraer a os xóvenes a falar mais o galego.
- Persoas que vexan dende xóvenes películas, etc en galego e se interesen por el.
- Poder ter mais posibilidades de ver algo en galego.

2. A campaña

Este proxecto levámolo pensando desde fai un ano para levalo a cabo e que se volvese coñecido xa que é unha oportunidade moi boa para o noso idioma natal e fai case dous meses lanzámolo cara ao público. Agardamos que o público reaccione interesándose pola plataforma e pola lingua galega, que ofrecemos ao mundo.

A nosa creación é unha plataforma de películas, series, documentais, etc, en galego. Temos este glosario cinematográfico dentro e fora da nosa creación, cos permisos necesarios. As cales renovaremos cada certo tempo por outras máis actuais e con premios e novidades cada semana.

Esta plataforma non ofrece ningún valor engadido, podes ver todo o que queiras gratis.

A nosa campaña relacionase cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible mendicante o punto 10 (Redución das desigualdades) porque dámoslle a unha lingua a oportunidade de ser igual de importante como calquer outra lingua. Queremos resolver a inxustiza de deixar de lado a unha lingua como o galego xa que está recibindo unha gran discriminación por parte dos xóvenes.

As nosas accións para conseguir vender a nosa campaña e chegar ao público que queremos, van ser:

En primeiro lugar facer publicidade por medios de comunicación; é dicir, anuncio por Spotify, redes sociais como por exemplo Instagram ou Tik Tok.

En segundo lugar a nosa campaña vai participar no festival de audiovisual chamado Olloboi, que é unha asociación sen ánimo de lucro que se organiza dende o 2009, un festival audiovisual de curtametraxes. Faise en colaboración coa veciñanza, cineastas cómplices, empresas patrocinadoras, e o Concello de Boiro. No 2020 a Academia Galega do Audiovisual outorgoulles o Premio especial Xosé Sellier polo compromiso e traballo en favor do cine galego.

En terceiro e último lugar facer charlas, reunións ou assembleas nos centros educativos de toda España para que as persoas xóvenes se animen a usar a plataforma e así tamén dar a coñecer máis a lingua galega dunha maneira máis lúdica.

Temos unha serie de obxectivos concretos como por exemplo, máximo dentro de 5 anos conseguir que a lingua galega se coñeza en todo o mundo.

ANUNCIO DA CAMPAÑA:

Personaxes:

Paula- Xiana
María-Aida
Catuxa-Carla
Lorena-Sara

Escenas:**Escena 1:**

Conversación pola rede social WhatsApp de un grupo de amigas/os no que din de pasar a tarde xuntas e ir dar un paseo.

Escena 2:

Un grupo de amigas chega ao punto de encontro que acordaron por teléfono.

Escena 3:

Saúdanse e deciden a onde ir e comezan a camiñar.

Escena 4:

Comeza a facer frío, coméntano, unha recorda que o outro día veu un vídeo na rede social chamada Tik Tok que anunciaba unha nova plataforma (SCAX) na que se pode ver películas, documentais, series, etc, en galego. Unha delas sorpréndese. Gústalles a idea ao resto do grupo e deciden ir ver unha película nesa plataforma (SCAX).

Escena 5:

Van á casa de unha delas que vive cerca e alí probar esta nova aplicación.

Escena 6:

Chegan a casa e van ao sofá. Poñen a plataforma (SCAX) e deciden a película que van ver.

Escena 7:

O grupo de amigas sentadas no sofá vendo a película.

Escena 8:

Acaba a película, coméntana e dan a súa opinión sobre a plataforma (SCAX).

Escena 9:

O grupo recoméndalle ao seu grupo de amigas e amigos polo grupo de WhatsApp que proben a nova plataforma (SCAX) e opinan positivamente dela.

Guión:

Escena 1:

Conversación WhatsApp

Escena 2

Escena 3:

- Todas: Ola!

- María: Damos un paseo?

- Catuxa: Si, vamos ata o porto.

- Lorena: Compramos algo de comer antes?

- María, Catuxa e Paula: Si, vamos.

Escena 4:

- Lorena: Mima, que frío fai!

- Catuxa: Podemos ir a miña casa a ver unha peli, que vin anunciada en tiktok de unha nova plataforma onde podemos ver todo en galego.

- María: En galego?!

- Catuxa: Si si, eu fiipei cando o vin.

- Paula: Ai que ben! Vamos ver unha peli

- Lorena: Veña lo, vamos.

Escena 5

Escena 6:

- Catuxa: Vou buscar algo para comer?

-
-
-
-
-
-
-
-
-
-
-

- Lorena: Sí, trae algo.

- Catuxa: Vale vou a por elas, vos poñédevos cómodas (mentres tanto elixen a película).

- (Volve Catuxa cas pipas) Paula: Xa temos peli!

- Catuxa: oh si, ten boa pinta!!

Escena 7

Escena 9:

- Conversación por WhatsApp.